



O Parlamento de Galicia admite a trámite a Memoria de 2014 do Consello de Contas e diversos informes de fiscalización

Santiago, 26 de xuño de 2015.- O Parlamento de Galicia admitiu a trámite, mediante unha Resolución da Presidencia, un escrito do Consello de Contas co que se remiten a Memoria de actividades de 2014 e informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia correspondentes aos plans de traballo de 2014 e 2015 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de 2013).

A documentación foi aprobada polo Pleno do Consello de Contas celebrado o 16 de xuño de 2015. Trátase dos seguintes documentos:

- Conta Xeral da Comunidade Autónoma, ex. 2013.
- Fondos de Compensación Interterritorial, ex. 2012.
- Fondos Europeos, ex. 2013.
- Conta Xeral do Sergas, ex. 2013.
- Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria, ex. 2012.
- Entidades Instrumentais autonómicas, ex. 2013.
- Conta Xeral das Entidades Locais de Galicia, ex. 2013.
- Avaliación da estrutura do persoal no sector local de Galicia, ex. 2011-2012.
- Declaración definitiva sobre a Conta Xeral da Comunidade Autónoma.
- Memoria de actividades, ex. 2014.
- Contas anuais, ex. 2014.

Toda esta documentación está publicada na web do Parlamento de Galicia (www.parlamento.gal).

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.